

40.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22 DE SETEMBRO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora Accidental:

D^a. MARIA DEL CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

1.- EXPEDIENTES DE ALTA EN AUGA E SANEAMENTO.

Acordouse autorizar as solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, así como a formalización dos correspondentes contratos:

1.1.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa A Habana, núm. 5, 3º B, Lalín.

1.2.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa do Medio, núm. 5, 2º R, Lalín.

1.3.- Ccontrato de auga e contrato de saneamento na rúa do Medio, núm. 5, 1º S, Lalín.

1.4.- Acometida de auga e contrato de auga no lugar de A Xesta, núm. 50, baixo, parroquia de A Xesta, Lalín.

1.5.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Monte Faro, núm. 83, 1º C, Lalín.

1.6.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa C, núm. 39, 1º B, Lalín.

1.7.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa C, núm. 41, 1º B, Lalín.

1.8.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Praza de Galicia, núm. 3, 4º D, Lalín.

1.9.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa D, núm. 9, 3º B, Lalín.

1.10.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa do Medio núm. 5, baixo J, Lalín.

1.11.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Praza de Galicia, núm. 3, 2º A, Lalín.

1.12.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Maruja Gutierrez, núm. 12, 2º A, Lalín.

1.13.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Praza de Galicia, núm. 7A, 4º B, Lalín.

1.14.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Joaquín Loriga, núm. 9, baixo, Lalín.

1.15.- Contrato de auga na rúa Tirabeque, núm. 10, comunidade, Lalín.

1.16.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Praza de Galicia, núm. 3, 3º B, Lalín.

1.17.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Ramón Aller, núm. 12, 2º A, Lalín.

1.18.- Contrato de auga no lugar de Castro de Abaixo, núm. 29, baixo, Lalín.

1.19.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa do Medio, núm. 5, 1º Q, Lalín.

1.20.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Pintor Laxeiro, núm. 6, 4º D, Lalín.

1.21.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Otero Pedrayo, núm. 13, 1º D, Lalín.

1.22.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Melide, núm. 6, 4º B, Lalín.

1.23.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa E, núm. 4 baixo, Lalín.

2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

2.1.- Acordouse aprobar o expediente de contratación denominado **“SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO DO CONCELLO DE LALÍN”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterios de valoración, con orzamento máximo licitación de 13.762,00 (€) anuais (IVE incluído).

3.- EXPEDIENTES DE ADXUDICACIÓN DAS ATRACCIÓN PARA INSTALAR NAS FESTAS “VIRXE DAS DORES” DE LALÍN.

3.1.- Aprobouse a listaxe definitiva de admitidos e excluídos no procedemento relativo ás bases técnicas e administrativas que rexerán a concesión de autorizacións para a instalación de atraccións de feira na zona do Regueiriño durante as festas patronais de 2016.

4.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

4.1.- Acordouse aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo para configuración dunha bolsa de emprego para a selección do seguinte persoal laboral temporal: 1 monitor deportivo/ socorrista a tempo parcial para o Complexo Polideportivo Multiusos Lalín-Arena e para as piscinas municipais.

4.2.- Acordouse aprobar as bases de selección para a contratación como persoal laboral con carácter interino dun/dunha Axente de Emprego e

Desenvolvemento Local polo sistema de Concurso, mediante contrato de interinidade por substitución que rematará cando se produza a incorporación da persoa que viña ocupando o posto.

5.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

5.1.- Acordouse aprobar certificación de obra núm. 1 e final da obra “**AMPLIACIÓN ÁREA CONTORNO PISCINA MUNICIPAL**”, redactada polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 32.001,74 €.

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Acordouse **aprobar e declarar de abono as relacións de facturas** núm. 00117 por importe de 54.098,83 euros e núm. 00118 por importe de 78,05 €.

7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse deixar sen efecto o acordo adoptado no punto 7.9 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 22 de agosto de 2016, e corrixir o acordo adoptado no punto 10.1 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 30 de maio de 2016.

7.2.- Acordouse solicitar a **subvención para o PROGRAMA DE APOIO OS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES** por importe total de **52.000 €**, ao abeiro da convocatoria publicada no DOGA de 5 de setembro do presente ano, na que se establecen as bases reguladoras e as axudas e subvencións a entidades locais da Comunidade Autónoma para a promoción da Igualdade.

7.3.- Aprobouse a **Resolución definitiva da concesión de bolsas complementarias ao estudo para alumnos/as de centros docentes públicos e privados** para o curso 2016 – 2017.

7.4.- Acordouse aprobar a liquidación correspondente ao 1º semestre do ano 2016 do Canon do Parque Eólico Singular de Lalín por importe de 18.518,10 euros a que ascende o 15 % da facturación bruta da citada empresa correspondente ao período referido (123.454,02).

7.5.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 6.390,13

€ (IVE incluído), con destino á realización do material divulgativo e promocional para poder levar a cabo a actuación de **promoción turística “Un interior único”**, para a cal o Concello de Lalín realizou unha solicitude de subvención por importe de 6.390,13€ á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo á Liña 3 (actividades culturais, deportivas, sociais, turísticas e medioambientais do Plan Concellos 2016) e contratar coa empresa Imprenta Marcaxe Deza, SL.

7.6.- Acordouse **interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN** ante o Director de Augas de Galicia contra a liquidación emitida a este Concello en concepto de canon da auga correspondente a 2 recibos declarados como impagados pola compañía subministradora Espina y Delfín, S.L. facturados no ano 2013 pola produción de vertidos do 2º semestre do ano 2012 da antiga piscina municipal e dos locais nos que ata o ano 2011 estiveron os Servizos municipais de Intervención-Tesourería e os Servizos Técnicos de Urbanismo. Coa interposición deste recurso solicítase a anulación da citada liquidación xa que as facturas declaradas como impagadas foron indebidamente emitidas pola compañía subministradora, segundo os antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, en virtude da normativa reguladora do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais aprobada por Decreto 136/2012, do 31 de maio.

7.7.- Acordouse a aprobación das Bases para concertar, mediante convenios, os **“PATROCINIOS PUBLICITARIOS DOS EVENTOS CULTURAIS DO CONCELLO DE LALÍN”**.

7.8.- Acordouse o pagamento anticipado do 50 % da subvención á entidade ARANES de conformidade co establecido na base décimo quinta das bases da subvención aprobada para o seu proxecto **RESPIRO ARANES DEZA** e tendo en conta o informe emitido pola Asesora Xurídica de Benestar de data 21 de setembro de 2016.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

8.1.- Acordouse conceder **autorización municipal** para a instalación da barra de 5 m2 diante do local denominado Disco-Pub “JJ” para os días 23, 24, 25, 26 e 27 de setembro de 2016 e aprobar a liquidación por taxa ocupación vía pública polo importe de 41,00 euros.

8.2.- Acordouse conceder **autorización municipal** para a instalación dunha barra de 3 m2 diante do local denominado Café-Bar Currás para os días 24, 25, 26 e 27 de setembro de 2016, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín e aprobar a liquidación por taxa ocupación

vía pública polo importe de 32,80 euros.

8.3.- Acordouse conceder **autorización municipal** para a instalación dunha barra de 2 m x 1 m diante do local denominado Café-Bar Garota os días 23, 24, 25, 26 e 27 de setembro de 2016, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín e aprobar a liquidación por taxa ocupación vía pública polo importe de 32,00 euros.

8.4.- Acordouse conceder **autorización municipal** para a instalación dunha barra de 4,5 m. diante do local denominado Restaurante Doña Maruja, sito na rúa Praza da Torre, núm. 9, baixo, Lalín, para os días 23, 24, 25, 26 e 27 de setembro de 2016, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín e aprobar a liquidación por taxa ocupación vía pública polo importe de 41,00 euros.

8.5.- Acordouse conceder **autorización municipal** para a instalación dunha barra de 2 m. diante do local denominado Café Alborexa sito na rúa Alcalde Ferreiro, 12, Lalín, para o venres día 23 de setembro de 2016, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín e aprobar a liquidación por taxa ocupación vía pública polo importe de 8,20 euros.

2º.- O solicitante deberá deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza e hixiene en que se atopaba antes da instalación da barra.

8.6.- Deuse conta do escrito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Secretaría Xeral de Cultura comunicando ó Concello de Lalín a **denegación da subvención para a FOLIADA 2016.**

8.7.- Deuse conta do escrito da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e voluntariado, **concedendo ó Concello de Lalín unha subvención por importe de 3.000 euros para cursos de impresión en 3D.**

8.8.- Deuse conta do escrito de Turismo de Galicia-Xunta de Galicia en relación coa **subvención actuacións de mellora en accesibilidade e sinalización no entorno do Pazo de Liñares.**
